

Xornada: Presentación do Programa TALENTO COOPERATIVO edición 2024-2025:

[En colaboración coa Rede Eusumo e do programa POCTEP ES-Factory]

DATA REALIZACIÓN	19 de xuño de 2025	DURACIÓN	2'5 horas
HORARIO	10:00h – 12:30h		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Salón de Actos da Facultade de Comercio da Universidade de Vigo Rúa Conde de Torrecedeira, 105 36208 Vigo		
PERSOA DE CONTACTO	Roberto Andrés Sanmartín	TELÉFONO	623301533
		E-MAIL	roberto@espazo.coop

OBXECTIVOS

Establécese como obxectivo xeral da Xornada o dar a coñecer o Programa de Bolsas Talento Cooperativo entre os colectivos potencialemente interesados en participar no mesmo; entidades de economía social e persoas con estudos ou tituladas en carreiras universitarias relacionadas coa xestión empresarial:

- Dar a coñecer o Programa Talento Cooperativo, así como as distintas liñas de promoción do cooperativismo e a economía social para o ano 2025 por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a través da Rede Eusumo. Visualización do 2025 como Ano Internacional das Cooperativas.
- Compartir entre o público asistente as características e particularidades do Programa Talento Cooperativo, mediante experiencias de persoas que foron bolseiras en distintas edicións, de persoas socias de cooperativas que foron beneficiarias deste programa e de persoal técnico da Unión que traballou nos procesos de titorización das Bolsas, de cara a poder coñecer de primeira man, non só os detalles técnicos do programa, senón tamén a dimensión máis persoal por parte dos seus protagonistas.
- Facilitar información sobre os datos máis relevantes da convocatoria 2025 do Programa Talento Cooperativo, tales como datas de lanzamento, bases da convocatoria, procedemento de selección ou período de prácticas nas entidades beneficiarias.
- Xerar un espazo de coñecemento mútuo entre o público asistente e a propia Universidade, sobre as liñas de traballo que está a seguir a Unión de Cooperativas EspazoCoop nos seus programas de apoio e consolidación das cooperativas.

PROGRAMA E CONTIDOS

- 10:00 h - Benvida e presentación da Unión de Cooperativas EspazoCoop e distintos programas de promoción do cooperativismo nos que está a traballar.
- 10:25 h - Traxectoria dos Programas de Bolsas, que baixo distintas denominacións, desenvolveu EspazoCoop dende o ano 2010.
- 10:45 h - Experiencias de persoas bolseiras e persoas socias de cooperativas, beneficiarias de programas de bolsas de EspazoCoop nos últimos anos, así como de persoal técnico da Unión, que desenvolveu traballos de titorización nos mesmos.
- 12:00 h - Convocatoria 2025 de Talento Cooperativo.
- 12:30 h - Fin do Encontro.

METODOLOXÍA

Desenvolverase un método de traballo que combina o subministro de información técnica e o intercambio de opinións e experiencias que sirvan para estimular o coñecemento e interese por participar no programa.

DIRIXIDO A

Cooperativas ou outras entidades de economía social interesadas en mellorar a súa área de xestión empresarial, así como para persoas cunha titulación ou estudos vinculados a esta mesma área, interesadas en coñecer a fórmula cooperativa e adquirir experiencia profesional.



- Proxecto 0259_ES_Factory_1.E que está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER no marco do programa Interreg VI A España – Portugal 2021-2027.
- Programa de actuación 2024-2025 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería Emprego, Comercio e Emigración para o fomento do cooperativismo e a economía social.